

**BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL
TEMPORAL, SERVIZO DETERMINADO ATA O 30/06/2022 DE 1 TECNICO PARA
O PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL CONCEDIDO A ESTE CONCELLO POR
PARTE DA CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL (BS623C Subvencións a
corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da
poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión)**

1.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación laboral temporal, a través da modalidade contractual de servizo determinado, de 1 técnico/a para programa de emerxencia social para o programa de inclusión social financiado pola Consellería de Política Social e que conta con fondos europeos e otorgado a este Concello pola Orde do 6 de setembro de 2021, para os anos dende 2021 a 2023.

O contrato a realizar contará coa financiación otorgada pola Consellería (que esta cofinanciada por fondos europeos) traspasada o ano 2022, dentro do programa aprobado e financiado pola Consellería que abarca do 1 de xullo de 2021 a 30 de abril de 2023 (Orde do 6 setembro de 2021 para o periodo 2021-2023 con exp. BS623C 2021/10

O contrato formalizarase baixo a fórmula de servizo determinado, con xornada completa semanais, en horario de mañá preferentemente.

A duración do contrato será decembro de 2019 ata 30/06/2021, data de finalización do programa subvencionado, finalizando nese momento a todos os efectos a relación laboral co concello.

2.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumpri-los seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou dun país co que España teña tratado de libre circulación de traballadores.
2. Ter cumpridos os dezoito anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
3. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
4. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
5. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na

lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

6. Estar en posesión do permiso de conducir en vigor clase B ou/e contar con dispoñibilidade de vehículo para desplazarse nas posibles visitas a realizar.
7. Estar inscrito no servizo galego de colocación como desempregado ou como mellora de emprego.
8. Estar en posesión da titulación de Licenciatura ou grao en Psicoloxía, Pedagogía ou Socioloxía; Licenciatura Psicopedagogía ou Diplomatura ou Grao en Educación social ou en Traballo social a data de remate do prazo de presentación de instancias.

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección realizarase mediante o seguinte sistema:

concurso: no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

O tribunal poderá realizar unha entrevista persoal, que valorase o coñecemento sobre o posto de traballo a desempeñar, que se valoraría cun máximo de 3 puntos.

O tribunal reservase a potestade de realizar unha proba práctica escrita, que valorarase o coñecemento sobre o posto de traballo a desempeñar e do entorno onde se prestarán os servizos, que se valoraría cun máximo de 5 puntos.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego por estrito orde de puntuación para cubrir as posibles renuncias ou baixas na plaza ofertada nesta convocatoria sin necesidade de realizar un novo proceso de selección, sempre cos periodos máximos ofertadas nesta convocatoria.

Si, por necesidades do servizo se necesitaran cubrir mais prazas perante a duración do contrato, non se realizará outro concurso/selección, utilizando a bolsa de emprego para cubrir as prazas necesarias.

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para participar no procedemento bases de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas na Ley 39/2015 de 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, durante o prazo de 5 días naturais a contar dende o día seguinte a publicación do anuncio da convocatoria no diario La Region.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, os/as interesados/as dentro do prazo, deberán remitir ó correo electrónico do concello (concello.rubiaidolocal.es)

avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos na Ley 39/2015 de 1 de outubro. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a solicitude se é recibida con posterioridade á data de terminación de prazo.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

Copia compulsada do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade.

Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas;. (Anexo III)

Fotocopia compulsada do permiso de conducir en vigor e declaración conforme se dispón de coche para utilizalo. (Anexo II).

Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

5.- BAREMO XERAL DE MÉRITOS

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte:

A. Circunstancias persoais (Máximo deste apartado 1,00 puntos):

1. Por atoparse actualmente en situación de desemprego, acreditado por medio de documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego: 0,2 puntos/mes, ata un máximo de 1 punto, soo se valoraran meses completos.
2. Soamente se terá en conta o último período de desemprego.
3. Por cada fillo/a menor de 18 anos ou maior discapacitado/a, a cargo do/a solicitante, que non perciban ingresos por realizar actividade retribuída, que conviva no domicilio do/a solicitante: 0,50 puntos, ata un máximo de 1 punto. (Acreditado mediante fotocopia compulsada do libro de familia, declaración conforme o/a fillo/a non percibe ingreso algún e volante de empadramento da unidade familiar). No suposto de que o/a fillo/a teña discapacidade, con idade 18 ou máis anos, entón deberase acreditar un grao de minusvalía igual ou superior ó 33%.

4. Pola prestación de servizos voluntarios, non remunerados, relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca superiores a 2 meses: 0,10 puntos por actividade, ata un máximo de 0,50 puntos.

B. Experiencia profesional (Máximo deste apartado 5,00 puntos):

1. Por servizos prestados na Administración Pública local, de forma remunerada mediante contrato laboral por conta allea, no mesmo posto e realizando as tarefas propias do mesmo programa da Xunta de Galicia (BS623C Subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión social) solicitado nesta convocatoria.: 0,25 puntos/mes.
2. Por servizos prestados na Administración Pública local, de forma remunerada mediante contrato laboral por conta allea, no mesmo posto solicitado nas presentes bases relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca: 0,15 puntos/mes.
3. Por servizos prestados na Administración Pública distinta da local ou no sector privado, no mesmo posto solicitado nas presentes bases, de forma remunerada mediante contrato laboral por conta allea, relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca: 0,05 puntos/mes (máximo 3 puntos neste apartado).
4. Por servizos prestados na Administración pública local, en postos similares o solicitado nas presentes bases.: 0,10 puntos/mes (máximo 3 puntos neste apartado)

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100%, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a duración do traballo, traballo desempeñado e a xornada.

C. Formación especializada (Máximo 2,00 puntos):

Pola participación en cursos de postgrao, másters, cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo en este último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación directa coas funcións propias da praza que se convoca, do seguinte modo:

1. Cursos de ata 15 horas: 0,10 puntos/curso.
2. Cursos de 15 a 50 horas: 0,15 puntos/curso.
3. Cursos de 51 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.
4. Cursos de 101 a 500 horas: 0,25 puntos/curso.

5. Cursos de mais de 500 h: 0,50 puntos/curso.
6. Por xornadas, seminarios ou congresos: 0,05 puntos/xornada, seminario ou congreso.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0,05 puntos.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia cotexada do diploma expedido pola entidade organizadora.

D. Outros meritos: (Máximo deste apartado 1,00 puntos)

Polo coñecemento dos núcleos, rueiros e instalacións do Concello de Rubiá, así como da poboación do Concello de Rubiá e a súa situación socio-cultural, que se demostrará co empadramento no Concello de Rubiá, con anterioridade a data de aprobación destas bases.

6.- O TRIBUNAL CUALIFICADOR ESTARÁ FORMADO POLOS SEGUINTES MEMBROS:

Presidente: D. Raul Gallego Hernández, secretario do Concello de Rubiá.

Vocais: D^a. Maria Isabel Cotarelo Prada, Traballadora social do Concello de Carballeda de Valdeorras e Rubiá.

Secretario: D. Ricardo Soto González, Técnico Local Emprego do Concello de Rubiá.

7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, reunirse o tribunal cualificador e valorará a documentación dos aspirantes presentados, seguidamente fará unha proposta a alcaldía coa valoración dos candidatos por extricto orden de puntuación obtida que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, nos que os interesados terán o prazo de dous días hábiles para reclamacións sobre as puntuacións obtidas.

Os candidatos que non queden seleccionados entre as persoas a contratar, quedarán nunha bolsa de emprego por orde de puntuación, que servira tanto para cubrir posibles baixas das persoas contratadas como para novas contratacións si as necesidades do servizo así o precisarán. Esta bolsa ten como data de validez máxima a duración do persoal contratado.

8.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS

A proposta do tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

O contrato será formalizado polo Sr. Alcalde.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/^a
.....
provisto/a de D.N.I. nº con enderezo na
R/ nº piso
..... C.Postal Localidade
Municipio Provincia Teléfono
.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Rubiá para a contratación de 1 técnico/a para programa de emerxencia social para o programa de inclusión social financiado pola Consellería de Política Social .

DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento de selección, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Asdo:

A/At SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RUBIÁ.-

Concello de Rubiá

Rúa Campo, 8, Rubiá. 32310 (Ourense). Tfno. 988 324 146. Fax: 988 342 070



1

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/^a.....provisto/a de D.N.I.
nº....., con enderezo na
R/.....
nº.....C.P.....
Localidade,.....Municipio.....
Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

Que estou en posesión do carné de conducir en vigor, tipo B, e/ou dispoño de coche para poder utilizalo .

Rubiá,de.....202_

Asdo:

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/^a.....provisto/a de D.N.I.
n^o....., con enderezo na
R/.....
n^{um}..... piso..... C.P.....
Localidade,..... Municipio.....
Provincia..... Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.

Que cumpro as condicións para ser aspirante, reflexadas no punto 2 das bases para a contratación.

Rubiá,de.....202__

Asdo: